


RÍO MERA


(Adela Leiro, Mon Daporta)



NACEMENTO E FONTES	Fórmase coa confluencia dos regos Carrís e Soutochan que baixan do Monte Caxado (serra da Faladoira)
LONXITUDE	29 km
DESEMBOCADURA	Ría de Ortigueira (Mar Cantábrico)
CONCA	Superficie: 126,9 km ²
SERRAS MÁIS IMPORTANTES	CONCELLOS: As Pontes, Somozas, Moeche, Cerdido, Cedeira e Ortigueira. SUR: Montes da Serra LESTE: Faladoira e Panda OESTE: Montes da Serra, Francoi e Penido.
AFLUENTES DEREITA	Pulgueira, Rego de Fóra
AFLUENTES ESQUERDA	Loureiro, Guitín
FENÓMENOS XEOLÓXICOS DESTACADOS	O Mera baixa do Caxado cun curso tortuoso por vales encaixados que se van abrindo a medida que se achega á desembocadura. Os afluentes salvan grandes desniveis con rápidos e algunhas fervezas -Ferveza de Curutelo, no rego de Guitín, afluente do Mera. Na parroquia de Santa María de Mera (Ortigueira). -Ferveza no rego de Loureiro (Mera) entre Os Casás (Cerdido) e Santa Cruz (Moeche).
CLIMA	Atlántico
TIPO DE RÉXIME	Pluvial, con augas altas de outono a primavera
CAUDAL	4,2 m ³ /s
FLORA	Bosques de galería nas ribeiras formados por amieiras, salgueiros, bidueiros, abeleiras, loureiros e as especies arbustivas acompañantes, cáncaros, anémonas, fentos... nos vales das cabeceiras hai boas representacións de bosque atlántico no que dominan os carballos.
FAUNA	No río hai troitas, escalos, salmóns, lampreas... e numerosos invertebrados, especialmente insectos. Nas beiras hai varias especies de anfibios, aves, insectos, moluscos... No esteiro hai parrulos, garzas, garzotas, limícolas...
APROVEITAMENTO	Subministro de auga (poboacións, industrias, agricultura); pesca, lecer...
ESPAZOS PROTEXIDOS	Está protexido dentro do LIC "Ortigueira-Mera". O esteiro tamén forma parte do espazo "Ría de Ortigueira e Ladrado", Humidal de importancia internacional (Convenio Ramsar) e Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA).
PROBLEMAS	Contaminación, especies invasoras.

RÍO MERA

NACEMENTO: O Caxado (Serra da Faladoira)



DESEMBOCADURA: Ría de Ortigueira (Océano Atlántico)